O Couto é o gran escenario da festa das letras galegas

LA VOZ | CARBALLO

■ A asociación Monte Branco de O Couto xa ten todo preparado para que mañá empece a Festa da Letras, como os organizadores lle chaman a unha semana chea de libros, música e cultura galega.

O profesor Xelucho Abella será o encargado de ler mañá (18.00 horas, Casa dos Veciños) o pregón. Despois actuará a Escola Municipal de Teatro de Cabana, co recital *Colleita poética de María Baña*. A continuación escoitaranse as voces das corais Brisas do mar, de Corme, e Coro Monte Branco, dirixidas por Méndez Torrado. Xa ás sete e media, o grupo de música tradicional Raigañas de Cerqueda daralle animación á eira.

Xa no martes, as escritoras Concha Blanco e María Canosa terán un encontro co alumnado de terceiro ciclo do centro educativo Eduardo Pondal, de 15.00 a 16.30 horas. Tamén neste colexio estarán, ao día seguinte, Eva Vila e Zezilia Meléndrez.

Carballo. O Concello de Carballo organizou para mañá a actividade *Oito horas lendo*, un maratón de lectura de escritores que foron homenaxeados no Día das Letras Galegas desde o ano 1963. O acto empezará ás 11.30 da mañá no xardín municipal, e rematará polas oito do serán. Durante cinco minutos cada un, douscentos lectores de diferentes institucións e entidades de Carballo irán lendo parágrafos de coñecidas obras. Pola metade, sobre as 14.30 horas, actuará o grupo Rolda, de Xotaina, e ao seu remate, a cantautora Carmendolores.

Tamén mañá, na praza do Concello, terá lugar o tradicional (xa van 24 anos) concurso de pintura infantil que organiza Lumieira. Hai que anotarse a partir das once da mañá.

Camariñas. Mañá, na Casa de Pedra, celebrarase o Festival das Letras Galegas ás cinco da tarde. Entregaranse despois os premios aos gañadores do Certame Literario Intercentros, presentarase unha peza intyerpretada polo grupo de teatro municipal de Camelle, e representarase seguidamente *A memoria do tempo*, do grupo da Ponte do Porto. Ás sete, inaugurarase un monolito no Rego da Horta (Cotro-Buría), en memoria de Domingo Rodríguez Canosa, fundador da igrexa de San Xurxo.

CASAL

Xelucha Abella lerá mañá o pregón no Couto